

## NOTA INTERIOR

**DE: AREA DE CALIDADE DAS AUGAS**  
**A: AREA DE VERTIDOS**

### ASUNTO: SOLICITUDE DE VALORACIÓN DO MEDIO RECEPTOR

**Titular:** TUNSTEN SAN FINX,SL..

**Instalación:** extracción de minerais (Sn, W)

**Localización:** San Finx, 15214 Lousame (A Coruña)

#### ANTECEDENTES:

**Primeiro.** Mediante mail do 04 de abril de 2016 solicitase desde a Área de Vertidos unha valoración e informe en relación cos resultados analíticos obtidos nos puntos de control no medio receptor plantexados na inspección (Código: DC-JPR-080216-A6) realizada polo Plan de Control de Vertidos con data 08/02/2016 as instalacións mineiras de referencia, que se detallan a continuación:

Denominación mostra: M-DC-JPR-080216-A4

Punto de mostraxe: rego de San Finx (rego das Rabaceiras) augas arriba dos terreos da mina de San Finx.

Data toma mostra: 09/02/2016

Laboratorio : Iproma

Denominación mostra: M-DC-JPR-080216-A5

Punto de mostraxe: rego de San Finx (rego das Rabaceiras) uns 1.500 m augas abajo dos vertidos procedentes da mina de San Finx.

Data toma mostra: 09/02/2016

Laboratorio : Iproma

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental en materia de calidade das augas establecidos na seguinte lexislación, ou na que se dite nun futuro, tal como:

- Plan Hidrolóxico de Galicia Costa aprobado polo Real decreto 11/2016, de 22 de xaneiro (en adiante PHGC), o cal derroga o aprobado polo Real decreto 1332/2012.
- Real Decreto 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliacián do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, o cal e derroga o Real Decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

#### INFORME:

Unha vez visto a documentación citada nos antecedentes desde esta Área de Calidade das Augas informase o seguinte:

**Primeira.** O río onde se realizou a inspección identifícase como Rio Pesqueira ou rego de Rabaceiros no PHGC (cod masa: ES.014.NR.208.005.01.00, tipoloxía de río na IPH 31), o cal segundo a valoración incluída no capítulo 7 do PHGC acada un estado total bo ou mellor, cumprindo os obxectivos ambientais en 2015. Se ben, na ficha da citada masa de auga recollida no apéndice 8.2 do capítulo 8 do PHGC non se recolleu como presión significativa asociada a existencia de minería.



**Segundo.** No citado río Pesqueira non se atopa ningún punto de control das redes de seguimento do estado das augas. Se ben, dito río é afluente do Río Vilacoba ou Río Manlle (Código masa: ES.014.NR.208.000.01.00) o cal posúe un punto de control (Código: 14.RW.06.250), non obstante dito punto atopase augas arriba da confluencia de ambos ríos, polo cal non pode considerarse representativo da calidade das augas do río Pesqueira.

**Terceira.** Para realizar unha valoración dos resultados tivose en conta os criterios para a clasificación do estado das masas de auga superficial recollidos no capítulo 7 do PHGC, se ben para sustancias preferentes, sustancias prioritarias e para outros contaminantes tamén tivose en conta os limiares recollidos no Real decreto 817/2015, o cal derroga o Real decreto 60/2011 no cal se basou a valoración no citado PHGC.

**Cuarta.** Entre os parámetros analizados non se atopa a dureza da auga ( $\text{mg/l CaCO}_3$ ), polo cal non se podería realizar unha valoración precisa de varias sustancias (Cobre, Cinc, Cadmio), toda vez que que os limitares destas, recollidas nas normas de calidade ambiental, varían coa dureza da auga. Non obstante, toda vez que se realiza a análise do Ca disolto e Mg disolto podesse estimar mediante formula que a dureza das augas tanto augas arriba como abaxo é inferior a  $10 \text{ mg/l CaCO}_3$ .

Así mesmo, sinalar que o realizar a toma de mostras 1500 m augas abaxo dos terreos da mina, e ter ademais en dito tramo o río Pesqueira a aportación de augas de varios regatos, non se pode valorar con precisión a afección da mina ao medio receptor.

**Quinta. En relación cos parámetros medidos** in situ (pH, oxíxeno disolto, conductividade e temperatura) observase, tendo en conta o tipo de río (31), para o indicador pH (elemento de calidade das augas: estado de acidificación) tanto augas arriba como abaxo valores inferiores ao mínimo (6) do límite bo/moderado no PHGC. Así mesmo, sinalar que os valores augas arriba (5,69) son inferiores ao valores augas abaxo (5,87/5,86), non obstante a distancia entre as medicións (1.500 m) poderían desvirtuar os valores augas abaxo.

**Sexta. En relación cos resultados de laboratorio** sinalar que considerando unha dureza da auga tanto augas arriba como abaxo inferior a  $10 \text{ mg/l CaCO}_3$ , produciríase un incremento nos resultados augas abaxo dos parámetros **Cadmio, Cobre e Zinc que superarían as normas de calidade ambiental do valor medio anual.** Non obstante, sinalar que o realizar a toma de mostras 1500 m augas abaxo dos terreos da mina, e ter ademais en dito tramo o río Pesqueira a aportación de augas de varios regatos, non se pode valorar con precisión a afección da mina ao medio receptor, así como que non existe unha serie histórica de analíticas.

Na táboa seguinte pódense observar os citados valores:

Parámetro	Río Augas arriba ( $\text{mg/l}$ )	Río Augas Abaxo ( $\text{mg/l}$ )	NCA-MA ( $\text{mg/l}$ )	NCA-CMA ( $\text{mg/l}$ )	Referencia lexislación para augas superficiais continentais
Cadmio disolto	<0,000024	0,0016	$\leq 0,00008$ (dureza $< 40 \text{ mg/l CaCO}_3$ )	$\leq 0,00045$ (dureza $< 40 \text{ mg/l CaCO}_3$ )	Anexo IV do Real decreto 817/2015
Cobre disolto	<0,0010	0,049	0,005 (dureza $\leq 10 \text{ mg/l CaCO}_3$ )		Limites para avaliación de estado das augas superficiais do capítulo 7 do PHGC/ Anexo V do Real decreto 817/2015
Cinc disolto	<0,009	0,059	0,030 (dureza $\leq 10 \text{ mg/l CaCO}_3$ )		Limites para avaliación de estado das augas superficiais do capítulo 7 do PHGC/ Anexo V do Real decreto 817/2015

NCA: Norma de Calidade Ambiental

MA: Media Anual

CMA: Concentración Máxima Admisible

Isto todo o que se informa, salvo mellor criterio, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 07 de abril de 2015

Área de Calidade das Augas

Fernando Manuel Sánchez López